

## MUROS, SÁBADO, 22 DE FEBREIRO

Na Plataforma *Nunca Máis*, todos e todas están traballando na organización dos últimos detalles da manifestación do domingo 23 en Madrid. Os voluntarios e voluntarias tamén. A súa xenerosidade, as súas mans e corazón -volcados por completo en axuda-lo mar e os mariñeiros no traballo de palear canto antes os efectos desta catástrofe ecolóxica, económica e social-, saben moito do enorme traballo investido en saca-lo chapapote do mar e da terra. Saben ben do enorme dano que esta catástrofe lle fixo ó mar e ás costas de Galicia. Eles, todos e todas, queren estar tamén en Madrid denunciando a incompetencia, o abandono, o desprezo, a mentira... Eles, todos e todas, tamén queren reivindicar DIGNIDADE.

Sen embargo, a pesar de teren que viaxar pola noite a Madrid, non faltaron voluntarios para o sábado 22. Un total de 37 voluntari@s, recrutad@s na súa maioría pola Cafetería Pravia de Vilalba, estivemos na praia do Acoradoiro, no concello de Muros, ó mesmo pé do Monte Louro e da Lagoa de Louro. Por culpa do estado do mar, non puidemos traballar nas rochas e estivemos a limpar na praia. Recolléronse entre tres e catro toneladas de residuo, pero a pesar disto o traballo, a verdade, pouco tivo de gratificante. Ben ó contrario, resulta desesperanzador comprobarmos que vai ser moi difícil sacar do mar ou da terra un chapapote que está a chegar en forma non xa de galletas, senón de grans, ou que está xa emulsionado coa auga e dá lugar a unha escuma que deixa a area totalmente tinguida de amarelo. Sabemos que é difícil, pero seguiremos axudando: **axudando a limpar, e tamén a esixir.**

## LUGO, LUNS, 24 DE FEBREIRO

Ningún medio cronístico dá conta das nosas sensacións. Ninguén estivo alí para comprobar cómo o sábado, desde despois das once da noite, cada vez máis xente con bagaxes agardaba diante de Maxisterio, cómo celebraba encontros seica inesperados ou reencontros despois de anos sen se ver en tales circunstancias ou simplemente sen se ver. Cómo chegando ás doce a beirarrúa presentaba a animación propia da saída das clases, con máis de oitocentas persoas preparadas para viaxar e aínda algún que chegaba pedindo bono. Cómo ó final cargamos bandeiras e pancartas, e saíron os autobuses cheos ou case (só un deles quedaba nun 80% de ocupación). Inda había outro, o da hostelería, que saíu completo ás catro de mañá.

A viaxe longa non foi, pero fíxose cansada. Na parada en Benavente (un hostel coa cafetería ateigada, a bandeira de NM no botelleiro e varios camareiros coa pegatina posta) e despois na de Villalba, a presenza masiva de autobuses con galegos agoiraba o día. Tiñamos algo de prevención pola entrada a Madrid, pero os conductores leváronnos mesmo ata Atocha. ¡Ben por eles!

O de alí é dificilmente narrable. A manifestación, como algo xeral, non se sabe moi ben cómo comezou, seguramente co día. Despois das nove, xa os de Lugo cantabamos Paseo del Prado arriba, e un pouco máis tarde, entre o Museo e o Hotel Ritz, as gaitas, cancións, baile e consigna non pararon ata pórmonos en marcha. Só o trailer da *Burla Negra* (coa maqueta do *Prestige* partido) e mais un helicóptero cargantisimo que pasaba e repasaba, viña e volvía, interromperon a nosa festa.

Festa e cabreo. Á parte do "Nunca máis", o "Dimisión" e a "Incompetencia", a xente escollía espontaneamente as palabras de orde máis duras e reprobatorias. Estabamos alí e non en visita de cortesía. Foramos leva-la mostra do chapapote -nalgún mono de voluntario- e mais da nosa indignación, pedir claridade e responsabilidades políticas. Berrando, cantando, bailando. Praza de Cánovas, Cibeles, Alcalá. Afloraba tamén o orgullo de noso: "Hoxe Madrid fala galego", "Aznar, aprende. Galicia non se vende", **A Rianxeira, A Carolina**, as bandeiras. Connosco, madrileños, cataláns, andaluces, vascos...

Chegamos a Sol e deseguida volvemos para os autobuses. A viaxe de volta, entre a satisfacción, o cansazo e a idea clara de que hai que seguir animando e reivindicando.

Ó ter noticias do noso, o López Veiga seica dixo que eramos coma o frautista de Hamelin. Empezaron ignorándonos, logo insultaron, difamaron, agora advirten o pobo para que non nos siga. ¿Estarán a punto de pedir negociacións?

## TRIBUNAIS

Empezamos a ter novas de peso en relación cos xulgados. E a cousa presenta unha dobre perspectiva, coma tantas en Galicia ultimamente. Por unha banda, a cidadá enxuzada en Pontevedra por chamarlle "cabrón" a Fraga, en virtude dunha lei que algúns devecemos por coñecer mellor; e o curioso uso do léxico de Fernández de Mesa -todo un experto, polo que se ve, tamén en temas xurídicos-, que nos outorga a *Nunca Máis* a competencia de imputar xudicialmente. Por outra, a auténtica imputación, a do xuíz de Corcubión Javier Collazo, que, ademais de admiti-la nosa querela, establece a posible responsabilidade do Delegado do Goberno Español e os dous altos cargos que dirixiron a actuación do Estado nos primeiros momentos da "crise".

As cousas van como se prevía, coma a moitos nos parecía lóxico esperar que fosen. Mentres agardamos que as dilixencias sigan, hai unha dúbida que empeza a nos corroer: ¿Non estará tipificado como delito chamarlle *Cuco* ó inclito Arsenio? Non vaia ser...

## MADRID, DOMINGO, 23 DE FEBREIRO

Polo Paseo del Prado, os de Lugo, co son de "Eu chorei, chorei...", cantamos:

*Estiven no mar  
o domingo á tarde.  
Que veña Mariano,  
que diga a verdade.*

*Que diga a verdade,  
pero sen cautela.  
Temos chapapote  
para a primavera.*

*O deste goberno  
é que non ten nome.  
Fraga, ca...ballero,  
limpa o chapapote.*

(Dedicado, con agarimo, a unha rapaza de Pontevedra).

Xa de volta, os ocupantes do autobús Lugo-3 escriben, entre outras cousas, estas:

*Únome á beleza deste despertar. Espero que isto sirva de despertador desta sociedade tan durmida. E sintome ben por ser testigo deste momento importante.*

**Galiza desperta. Galiza sente, sofre, ama, únese, reivindica. Galiza pita. Hoxe alédome máis de ser galega.**

*Sinxelamente, emocionante. O maior dos meus respectos para os máis novos e os maiores que participaron na manifestación, porque os primeiros aínda están comezando a crer nos soños, e os segundos demostraron ter aínda moita fe que transmitir: Porque todos esperan a UTOPIA. Porque a UTOPIA existe. Que a vexamos feita realidade.*